

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 20 de xuño de 2024 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e na Sala Manolo Ramos, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación das actas correspondentes á sesión ordinaria do 09 de maio e á sesión extraordinaria do 30 de maio de 2024.
- * Aprobación da conta de liquidación do orzamento do exercicio 2023 da Universidade de Vigo, para o seu trámite no Consello Social.
- * Aprobación dunha solicitude de transferencia de crédito da Facultade de Historia.
- * Aprobación da elevación dunha transferencia de crédito ao Consello Social.
- * Aprobación do Programa de medidas para fomentar o aforro e a eficiencia enerxética.
- * Aprobación das solicitudes de nomeamentos e prórrogas de profesorado emérito.
- * Aprobación das bases reguladoras para a selección de áreas de coñecemento para a convocatoria de prazas correspondentes ao 15% reservado para persoal investigador nas ofertas de emprego (OEP) da Universidade de Vigo, convocatoria 2024.
- * Aprobación da solicitude de comisión de servizos cruzada simultánea de María Magdalena Cid Fernández (vinculada á Universidade de Vigo) e de Félix Manuel Freire Iribarne (vinculado á USC).
- * Aprobación do Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo.
- * Aprobación das propostas de verificación/modificación de títulos de Grao, Máster e Doutoramento da Universidade de Vigo para o curso 2025/2026.
- * Aprobación da proposta de memoria do máster de formación permanente: Xestión e Liderado de Organizacións Sanitarias.
- * Aprobación da modificación da normativa da Universidade de Vigo para a contratación de traballos de carácter científico, técnico, humanístico e calquera outra actividade de transferencia realizada ao abeiro do artigo 60 da LOSU e da Lei da Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.
- * Aprobación da modificación do protocolo para o desenvolvemento do programa de accións estratéxicas para grupos de investigación da Universidade de Vigo.
- * Aprobación da modificación da normativa de xestión de recursos liberados dispoñibles nos proxectos de investigación.
- * Aprobación do plan de acción COARA 2024-2027.
- * Aprobación do Regulamento de réxime interno do Departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde.
- * Nomeamento de membros da Comisión de Mobilidade Internacional polo sector de responsables de relacións internacionais:
 - Elena de Prada Creo
 - Cristina Trillo Yáñez

- Beatriz Rodríguez Rodríguez
- Alejandra Alonso Calvete
- * Aprobación da modificación do Regulamento de Mobilidade Internacional.
- * Aprobación da modificación do modelo de gobernanza do Campus Auga.

A secretaria xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.